

**Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno
correspondente ao día 27 de maio de 2024**

Con data vinte e sete de maio do ano dous mil vinte e catro, ás dez horas, reúnese a Xunta de Goberno da Deputación na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, co fin de realizar sesión ordinaria en primeira convocatoria e tratar nela os asuntos que figuraban na orde do día, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente:

D. Luís Menor Pérez

Deputados/as:

D.^a Marta Novoa Iglesias

D. Rosendo Luis Fernández Fernández

D. Jorge Pumar Tesouro

D.^a Ana Patricia Torres Madureira

D. César Manuel Fernández Gil

D. Manuel Seoane Rodríguez

D.^a Teresa Barge Bello

Secretario:

D. Adamantino Barreiro García

Interventora:

Non asiste o deputado provincial D. Plácido Álvarez Dobaño que escusa a súa ausencia.

A continuación iníciase o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do modo que se reflicte a continuación:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 13 DE MAIO DE 2024.- A Secretaría Xeral deu traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 13 de maio de 2024.

Non se producen intervencións, polo que a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

- Aprobar a acta da sesión ordinaria do día 13 de maio de 2024, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2.- CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO CONSISTENTE NA PROVISIÓN DA INFRAESTRUTURA TECNOLÓXICA, EN MODALIDADE IAAS, DA INICIATIVA “HAI UN OURENSE PARA TI. DESCÚBREO”.

- De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

1.- Ordenar as ofertas presentadas e admitidas pola seguinte orde decrecente de puntuación:

ORDE	LICITADORES	NIF	PUNTUACIÓN
1	TELFÓNICA SOLUCIONES DE INFORMÁTICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA, SAU	A78053147	95,5

2.- Adxudicar este expediente a Telefónica Solucións de Informática e Comunicacións de España, SAU, titular do NIF A78053147 que formula oferta co seguinte contido (IVE/IVE e demais tributos non incluídos):

- Prezo total de adxudicación: 111.043,90 € (IVE excluído)

- Prezo mensual ofertado pola prestación do servizo: 2.018,98 € (IVE excluído)

3.- MODIFICACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS DO EXERCICIO 2024 EN RELACIÓN CON ACTUACIÓN NO CONCELLO DA ARNOIA.

- De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

Modificar o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais para o exercicio 2024 no Concello da Arnoia, do xeito seguinte:

Causan baixa do plan as seguintes actuacións:

No Programa de Investimentos

Denominación	Orzamento total €	Achega provincial €	Achega municipal €
Mellora da integración paisaxística do terraplén do campo de fútbol (A Queixeira)	48.397,86	28.397,86	20.000,00

Causan alta no plan as seguintes actuacións:

No Programa de Investimentos

Denominación	Orzamento total €	Achega provincial €	Achega municipal €
Mellora da integración paisaxística do terraplén do campo de fútbol (A Queixeira)	28.397,86	28.397,86	0,00

Do citado acordo deberá darse conta á Corporación Provincial na seguinte sesión celebrada por aquela.

4.- MODIFICACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS DO EXERCICIO 2024 EN RELACIÓN CON ACTUACIÓNS NO CONCELLO DE MANZANEDA.-

De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

Modificar o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais para o exercicio 2024 no Concello de Manzaneda, do xeito seguinte:

Causan baixa do plan as seguintes actuacións:

No Programa de Investimentos con achega provincial

Denominación	Orzamento total €	Achega provincial €	Achega municipal €
Obras de adaptación caseta de depuración e filtrado das piscinas municipais rúa do Pendón s/n” do núcleo de Manzaneda	48.000,00	48.000,00	0,00
Remolque para extendedor de fundentes	3.151,28	3.151,28	0,00

Causan baixa no plan as seguintes actuacións:

No Programa de Investimentos sen achega provincial

Denominación	Orzamento total €	Achega provincial €	Achega municipal €
--------------	-------------------	---------------------	--------------------

Mellora do firme da estrada municipal OU- 44010 Placin- A Madroa pk 0+300 a 2+200	Non se indica		
--	---------------	--	--

Causan alta no plan as seguintes actuacións:

No Programa de Investimentos con achega provincial:

Denominación	Orzamento total €	Achega provincial €	Achega municipal €
Mellora do firme da estrada municipal OU- 44010 Placin- A Madroa pk 0+300 a 2+200	51.151,28	51.151,28	0,00

Do citado acordo deberá darse conta á Corporación Provincial na seguinte sesión celebrada por aquela.

5.- MODIFICACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS DO EXERCICIO 2024 EN RELACIÓN CON ACTUACIÓNS NO CONCELLO DE VILAMARÍN.-

De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

Modificar o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais para o exercicio 2024 no Concello de Vilamarín, do xeito seguinte:

Causan baixa do plan as seguintes actuacións:

No Programa de gasto corrente e amortización de débeda con achega provincial

Denominación	Orzamento total €	Achega provincial €	Achega municipal €
Contratación de persoal laboral temporal (Monitor/a deportivo)	5.953,14 €	5.953,14 €	0,00 €

Causan alta no plan as seguintes actuacións:

No Programa de gasto corrente e amortización de débeda con achega provincial

Denominación	Orzamento total €	Achega provincial €	Achega municipal €
Pago de parte das facturas das EDAR'S biolóxicas e de biodiscos	5.953.14 €	5.953.14 €	0,00 €

Do citado acordo deberá darse conta á corporación provincial na seguinte sesión celebrada por aquela.

6.- ASUNTOS DE URXENCIA.- Non se suscitaron.

7.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.- Non se presentaron.

8.- ROGOS E PREGUNTAS.- Non se formularon.

E, ás dez horas e dez minutos do referenciado día vinte e sete de maio do ano dous mil vinte e catro, a Presidencia dá por rematada a sesión da Xunta de Goberno, e redáctase esta acta, que se asinará electronicamente.